

## LISTA DE ASISTENTES

Andrés Iglesias, Jesús de  
Carballo González, Ángeles  
Couto Cancela, Daniel  
Dafonte Gómez, Alberto  
Garrido Suárez, Carlos  
Gómez Rodríguez, Alma María  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Ríos Santomé, María José

## DESCULPA ASISTENCIA

Isorna Folgar, Manuel  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Rico Fuentes, Juan Jesús

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 17 de febreiro de dous mil vinte, convocada ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **17 de febreiro de 2020** ás 9,55 h. deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, presidida polo reitor e actuando de secretaria a vocal Ángeles Carballo González, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 4 de febreiro de 2020.
2. Resolución das reclamacións aos censos provisionais.
3. Aprobación, se procede, dos censos definitivos.
4. Aprobación, se procede, do número de estudantes claustrais que corresponde a cada centro.
5. Sorteio da letra para establecer a orde de colocación dos candidatos e candidatas nas papeletas oficiais de votación.
6. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral da proclamación provisional de candidatos e candidatas.
7. Quenda de intervencións.

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 4 de febreiro de 2020.**

Ao non haber alegacións, apróbase por asentimento a acta da sesión da Comisión Electoral do 4 de febreiro de 2020.

### **2. Resolución das reclamacións aos censos provisionais.**

Non se presentaron reclamacións.

Ángeles Carballo solicita aos membros da comisión, aínda que non se presentaron reclamacións, permiso para poder cambiar de campus no censo a aqueles estudantes de doutoramento da Escola de Enxeñaría Industrial que o demanden, coa finalidade de facilitarlles poder votar no lugar onde estean realizando o doutoramento.

### **3. Aprobación, se procede, dos censos definitivos.**

Dado que non hai reclamacións aos censos provisionais se converten en definitivos.

### **4. Aprobación, se procede, do número de estudantes claustrais que corresponde a cada centro.**

Os membros da comisión aproban por asentimento o cadro do número de representantes que corresponde a cada centro.

**5. Sorteio da letra para establecer a orde de colocación dos candidatos e candidatas nas papeletas oficiais de votación.**

Feito o sorteio, a primeira letra é a H e a segunda a V, polo que a orde de colocación dos candidatos e candidatas nas papeletas empezará polas letras HV.

**6. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral da proclamación provisional de candidatos e candidatas.**

Apróbase a delegación por asentimento.

Ángeles Carballo informa que remitirá a todos os membros da Comisión Electoral a documentación relativa a dita proclamación.

**7. Quenda de intervencións.**

Non hai ningunha intervención.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:10 h do día 17 de febreiro de 2020, da que eu Ángeles Carballo González, que actúa como secretaria da comisión, dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Ángeles Carballo González

